

Visto a notificación de data de 09/11/2023 da resolución de axudas da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, Vicepresidencia 2ª e Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, convocadas ao abeiro da Orde do 21 de xullo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola unión europea next generationeu, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2023 e 2024, procedemento MT975S, Doga 148 do 4 de agosto de 2023. Nº Expte EELL-055-2023-RES, para o cal a este concello se lle aprobou unha axuda por importe de 148.593,02 euros a través da liña 4, espazo autorrecuperación.

Visto que para a solicitude desta axuda este concello presentou un anteproxecto titulado **“Construcción dunha edificación para preparación para a reutilización e reparación de residuos domésticos”**, redactado en data de agosto de 2023, por Don Ramón Carlos Fernández Losada, arquitecto Colexiado nº 2.185,

Visto que este concello precisa para poder licitar as obras aprobadas, dun proxecto básico e de execución que inclúa a dirección de obra e a dirección facultativa para a **“Construcción dunha edificación para preparación para a reutilización e reparación de residuos domésticos”** por un importe máximo ive incluído de 12.584,26 euros, é polo que se invita a súa empresa para que presente a mellor oferta económica.

Co fin de axilizar os trámites, requíreselle para que xunto coa correspondente oferta económica, presente a seguinte documentación, contando cun modelo no **ANEXO I** da presente invitación, referente a súa empresa:

- **Certificado de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias con Hacienda, Facenda e coa Seguridade Social.**
- **Certificado de estar dado de alta no correspondente epígrafe do I.A.E.**
- **Declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar con administracións públicas de conformidade do sector público.**

A oferta económica xunto ca demais documentación requirida, deberá ser presentada a través da sede electrónica do concello na seguinte dirección de **correo electrónico: <https://concellodesober.sedelectronica.gal>**

Sober. Lugo na data da sinatura electrónica.

ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D....., con D.N.I. nº....., en nome propio ou en representación da empresa, con CIF....., en calidade de, en aplicación do establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e enterado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato menor de servizos consistente na redacción proxecto básico e de execución que inclúa a dirección de obra e a dirección facultativa para a **“Construcción dunha edificación para preparación para a reutilización e reparación de residuos domésticos”** comprométese a tomar ao seu cargo a execución do mesmo, con estricta suxeición aos requisitos e condicións expresados na solicitude de oferta pola cantidade de:

Importe Base:

Importe IVA:

Importe Total:

Así mesmo, declara baixo a súa responsabilidade:

- Que ostenta a capacidade de representación da entidade de referencia.
- Que a empresa que represento, está ao corrente no cumprimento das miñas obrigacións tributarias co Estado, co Concello de Sober, e coa Seguridade Social.
- Que a empresa que represento, ten plena capacidade de obrar, cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración e non está incurso en algunha das prohibicións de contratar sinaladas en o artigo 71 e 73 da lei 9/2017 de 8 de novembro do LCSP.
- Que a empresa conta cos medios materiais e persoais para a execución do contrato.

Lugar, data e sinatura do licitador.